


Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia

Unha sociedade que permite que un acontecemento odioso poida nacer da súa podremia e medrar na súa superficie é como quen permite que unha mosca se pase por riba da súa faciana ou que a baba lle caia pola boca sen reaccionar. Está epiléptico ou morto.

JEAN BAUDRILLARD

¿Que de que parte estou, preguntásme, cravando en min a túa pupila azul...? Da mesma que crin estar sempre, supoño, desde que a miña memoria se perde na néboa en tons sepias, desde o mesmo momento no que empecei a ter poder de decisión sobre



os meus soños, os meus propios medos, dúbidas, e as miñas actitudes e razóns para existir. Sigo a estar de parte da Beleza, dos que nos sentimos na obriga de loitar, desde que o mundo é mundo, polo que sempre nos resultou moralmente xusto e evidente, a pesar de tantas dúbidas, decepcións e diferentes perspectivas de actuación, levando ás costas tantas traizóns decepcionantes en vertixinosa e constante cadea continua de agresións dunha historia de infamia que xa non nos permite ser inxenuos, porque se as vítimas de antes pretendían ser verdugos á súa vez, ¿de que parte que non sexa sempre a das novas vítimas, dos novos vencidos doutras guerras, podemos estar xa?

1

E situarse teoricamente é moi sinxelo: non hai máis que poñer un número do 1 ó 10, de esquerda á dereita, coma nas enquisas nas que con orgullo e seguridade sempre poñía un 1 ou un 2, talvez, por non esaxerar, segundo o estado de ánimo ou o meu nivel de furia visceral e indignación; e nunca perdín despois de tantos anos esa necesidade de sentirme molesto e radical.

Cando tiña dezaseis anos, Kropotkin fíxome crer que podía ser posible a súa estratexia da «Conquista do pan» na súa paisaxe esteparia animada por sombras solitarias de «mujiks» e trigais; á súa dereita, a expresión bondadosa e miope de Castelao ou Bóveda, Bakunin noutro asento da mesa, a CNT-FAI, Ricardo Mella; máis aló Engels e Marx, Trotsky e Lenin vixiando a porta; e logo Voltaire, Fourier e os «utópicos», Lafargue, Ho-Chi-Minh, «un, dous, tres, cen mil Vietnams!»... E a literatura, a Filosofía, a I.^a Internacional, e a Internacional Situacionista, libertaria conciencia de ser libre á procura dunha Utopía persoal universal; a Poesía en guerra, o Simbolismo, Alfred Jarry e Ubú, os poetas «herméticos» e os poetas sociais, e un discurso

metafísico e civil. Todos fillos dun tempo maldito, de opio, absenta, alcohol e rabia contra o Tempo e a Moral burguesa, covarde, aburrido e letal... Leonard Cohen, Lou Reed, o Rock Alicia en «Wonderland», Arte «dexenerada», Expresionismo, comunismo surreal, o pesimismo terrorista literario e marxinal, os Clásicos, de Esquilo a Chejov, a Arte é Vida, formando todo un vértigo experimental que me inundaba a alma pouco a pouco, e Shakespeare, Shakespeare, Shakespeare; as culturas indíxenas e os soños do aborixe australiano, a mestizaxe oriental, africana dos xamáns. E todo iso xirando e creando un vértigo cara unha loucura suicida, o espírito abatido na frialdade húmida occidental; o corpo recosido, quente e fendido polo fatal desexo de saber máis, sen a calma precisa para deixar espazo á reflexión sen compromiso, necesaria para sobrevivir en paz... (que marco, que alucinada caída cara á Nada máis letal!...).

Pero tantas ideas sobre a vida, a alma humana, e o mundo real seguen a ser as mesmas máis ou menos, máis cheas da melancolía e a fonda tristeza que provoca saber máis do necesario para estar satisfeito co que hai á nosa disposición.

E outra vez ó principio, despois de resucitar, pero amable e sereo coa ollada máis directa e máis limpa de sombras. A ironía afiada que non fere, máis discreta e compasiva cos demais...

(Podería indicar outra lista semellante, pero distinta: hai máis libros aí ás miñas costas, outras palabras nos petos da memoria, e máis ideas superfluas na gorxa: moito máis de todo iso que contactos carnis ou encontros sexuais. Esa é unha das poucas cousas que podería lamentar...).

Vivimos malos tempos para a reflexión e a resistencia neste imperio «zombie» de Microsoft mental e de autoestradas da información cando xa hai tan poucas persoas con neuronas dispostas a servirse de tanta información, e moito menos a utilizalas en contra dese mesmo poder que as invade coas peores intencións.

Pero desde a perspectiva dos que ó longo da Historia non se resignaron a que eses mesmos desexos poidan ser útiles algún día, ¿que tempos foron bos, ou menos opresivos e sombríos?

Se analizásemos a nosa memoria histórica, ou estudásemos a anatomía do noso propio fracaso persoal, observando con detalle a materia escura da capacidade de calquera ser humano para crear horror e facer ilimitado o nivel do mal, ¿que tempos serían menos sombríos e fatais para os vencidos, para as vítimas, os oprimidos, os débiles, os nobres, os escravos, os negros deste mundo sempre utilizados para carne de canón, para os que non quixeron ou non deron conseguido xamais vencer a outros máis débiles, convertíndose á súa vez nos seus verdugos, agresores, terroríficos amos de alguén máis indefenso, coma as mulleres, vítimas sempre?...

Esa vén sendo a orde das cousas para quen non intente, con tódalas armas das que dispón, rebelarse a facer xirar a roda hidráulica coa que se move a eterna historia criminal do poder: ou arriba ou abaixo, ou amo ou escravo, esa é a consecuencia desa situación.

¿E de que parte estaba eu, diciamos antes? Da parte dos que intenten dalgún xeito non contribuír a que esa roda opresiva e maldita continúe a xirar eternamente, perpetuando, cun cíclico cambio de papeis de amos ou escravos, a mesma situación ata que a Terra estoupe de noxo e perversión, farta de nós.

Pero levar bandeiras, berrar slogans, ou falar por falar non custa nada. Pedir Liberdade e Xustiza para todos en abstracto non custa cartos, non compromete a nada en realidade. Nin tampouco fai verdadeiro dano, non provoca fendas nas estruturas do Sistema. Non é ese ácido que corroe, nin a dinamita que pode derrubar o estado de cousas que queremos combater. Esa íntima xenerosidade de espírito en si mesmo non contribúe en nada a empeorar o mundo, é certo, mais tampouco axuda coa súa inocencia «non culpable» a mellorar practicamente nada, agás a nosa estimación coma persoas.

E canto peores sexan os tempos que vivamos, máis falsa será esa inxenuidade, menos inocente a indiferenza, e máis cómplice non comprometerse, que sempre se converte nun cinismo e táctico sentimentalismo que ó final se perverte nun cómodo e cego refuxio filosófico supostamente radical, pero temeroso e sempre subvencionado polos vellos ou novos amos.

Quen desexe realmente facer algo, a medida das súas forzas, talento ou influencia, que se poña xa mans á obra e axude a exercer a sabotaxe. Inda que un non consiga aspirar máis que a transformar o seu espírito, a mellorarse tan sequera a súa alma e a súa vida en cada un dos seus actos, só con iso elevará o nivel da súa propia e dormida conciencia e a súa capacidade de indignarse e sentir noxo.

2

Mellores ou peores era o mesmo:
a bota que nos pisa é sempre unha bota.
Xa entendedes o que quero dicir:
non cambiar de señores, senón non ter ningún.

BERTOLD BRECHT

Tempos ambiguos e de iniciación de novas represións, de regreso das vellas e eternas intolerancias que fixeron unha fonda limpeza da súa imaxe estética e xa non precisan os servos submisos que antes puxeran ó fronte da facenda durante estes últimos anos: traidores traizonados polos amos.

Racismo, coma sempre; xenofobia, produto do novo reparto que quere administrar; a outra cota da fame, represión e xenocidio que o Sistema se pode agora permitir vai ser modificado e restrinxido. E a sombra que domina é sempre a do

vello Poder con distintos disfraces e estratexias ideolóxicas, sociais; cómplices e uniformes diferencian en cada época o sistema policial do que precisan botar man.

E se non nos decatamos de que non podemos transixir unha vez máis, se non facemos máis firme a nosa intransixencia moral cos seus manexos, e mesmo con nós mesmos, non nos van permitir tampouco eles unha soa debilidade, un só erro.

¿Non teremos que saltar xa o muro do noso propio concepto asimilado do que é a Revolución e as súas esenciais que perviven en nós desde hai máis de dous séculos, por non dicir desde a Cultura Romana ou Grega? O futuro non pode ter xa límites no espírito, nin pode haber moral, pasado nin esenciais inmutables: todos somos iguais. Pero un día é distinto do seguinte. Todo home é diferente, pero non hai nada que xustifique a ninguén, se non son os seus actos cotiáns. Temos que ser compasivos, ter piedade, pero non sentimentalismo que sustente unhas normas morais coas que nos oprimiron. Hai que ir forxando as claves coas que facerlle fronte a este desastre.

Porque se xa non temos dogmas nin bandeiras, se non temos atrancos para sermos ateos das vellas actitudes e dos omnipotentes deuses do Poder, teremos que estar sempre alerta e ben despertos, atentos a crear oposición, rebeldía e insubmisión a cada momento e ante cada un dos seus ataques. Non nos poden coller desprevidos, nin inxectarnos filosofías *light*, ben asumibles e absorbibles coas que seguir apacentando as nosas consciencias xenerosas e sentimentais.

Para os seus futuros disfraces: dinamita. Contra os seus enganos publicitarios envoltos con gusto e ben deseñados: ironía. Non iremos caer unha vez máis no seu pragmatismo retórico de grandes almacéns e na súa repetida mentira do «mal menor», no «centro progresista» fillo da estratexia, no «mal reparto», porque como di a vella máxima: «O mellor é inimigo do Bo».

A imaxe do Poder xa non nos vai servir sequera coma re-

presentación virtual, e os políticos xa non se acomodan se-
quera á súa función noxenta que nos evita a tódolos demais a
desagradable proximidade corrupta e contaxiosa do poder que
utilizan contra nós. A súa sorrinte euforia confiada nas bondades
do Estado protector e represor de soños, envelleceu moi mal, por
certo. A septicemia invádeos. Actores fracasados, charcuteiros
flatulentos, mediocres avogados, charlatáns de taberna sevillana,
ou entusiastas ben ou mal intencionados cheos de insomnio e
da ebriedade do poder... ¿que máis ten? ¿E pra que os queremos
realmente? Como lle dicía o Coello a Alicia: «O que importa é
saber quen manda».

Vivimos tempos «interesantes», si, como lle din os chineses
a xeito de irónica maldición. Se alguén non o sabía xa é que
estaba cego: non queremos ter amos. Pode que xa nos atopemos
a poucos metros da nosa extinción, pero o sentido do humor
pervivirá sempre, e o sentido crítico deixa un rastro detrás, con
mans, sen elas, cos miolos no cranio ou espallados polo chan.
Volveremos á terra, e ós outros elementos primordiais. Como
dicía Zeca Afonso: «camaradas de armas dos catro elementos!...».

3

Que outros falen da súa vergoña.
Eu falo da miña.

BERTOLD BRECHT

E aquí, entre nós, «os bos e xenerosos» cos demais, seguimos a
sufrir os nosos «tempíños» coma sempre, neboentos, queixosos
e inmutables, sen rebeldía activa, sospeitando da nosa propia
sombra e das intencións dos demais, odiados polo noso ser desta
terra, desertando da mínima alteración dunha desorde eterna e
case celular.

Aquí nunca chegamos a verdugos de nada, sexa malo ou bo; pero da nosa propia autoestima, dignidade, si. Non demos chegado a vencer sobre nada (nin sequera o intentamos) e non por xenerosidade ou por grandeza moral, senón por non intentar sequera desexalo. Alomenos non oprimimos tampouco a ninguén, evitando de paso entrar a formar parte dos crimes da Historia coma melros do club dos criminais. É un consolo. Somos como somos, e temos que dar grazas por seguir sendo así, porque iso axuda a superar en algo esa vergoña histórica de ter sido servos da Vida, ou mercenarios á forza doutros amos... («Alá se maten eles!»).

E quizais ese noso teimudo sorriso interno, o ollar de esguello sórdido e sarcástico no noso interior de galegos despreziados, remate por ser ó final fondamente fractal, creador e subversivo, e só nós sobrevivamos ó holocausto final para empezar de novo desde a fin da Terra: se esta terra chegou a ser tan vella por algo será.

Pero polo momento o noso reino non será deste mundo se seguimos así. E, secretamente, no fondo, río cando estou só, porque esa posición que ocupamos tan afastada á marxe do Poder non a deixo de sentir con alivio. E esta terra, esta visión do mundo, do tempo, este «tempo» musical atmosférico, ruíns e submisos, pero sabios escépticos e resistentes, dun pobo ó que considerei sempre a primeira e esencial referencia xeográfica e mental. Todo iso do que eu formei sempre parte, das súas virtudes e defectos, tampouco me vai esixir nunca sentirme alleo ós seus posibles crimes e perversións, sen seguro candidato a traidor ás súas fastuosas pompas de vitoria, ás súas bandeiras cheas de sangue e de explotación.

Se me permite seguir axudando á defensa que non procura dominar nin agredir, seguirá a ser unha loita compartida por min: da tropa dos vencidos. Terra. Lingua, Cultura, Dereito á diferenza. Mente aberta ó mundo... e nada máis.

Agora aínda teño liberdade de opción para exiliar o meu espírito no Ártico, en Asia ou no Nepal, e teño permiso para

que nada humano me sexa alleo. Por iso podoo decidir militar na miña propia lingua, «porque quero, me peta e me dá a gaña...». Moitas culturas se cruzan no meu espírito e no meu corazón non hai fronteiras. Ninguén me impediu nunca ser máis crítico e sarcástico co que eu sinto máis meu, propio e herdado.

E cando estamos vendo que os antigos eslavos balcánicos, «escravos» instalados para defender das tribos orientais o Sacro Imperio, que eses «servos» do sur agora queren ser amos dos demais «escravos» dos Balcáns, non imos renunciar precisamente agora, por moito que nos queiran confundir, ó noso dereito secular a ser cidadáns libres doutra «bosnia» europea occidental, aberta e multiétnica, sen deixarnos asoballar por novas ou vellas imposicións económicas, sociais ou culturais, porque militarmente xa sabemos que estamos derrotados.

Defendámonos, logo, caladamente, con furia, ou con humor tibetano, pero non transixamos cunha soia agresión máis, porque os ataques están sendo máis sutís, máis cheos de argumentos, de falsa erudición, en nome do Progreso ou dunha incerta Irmandade Universal que só avanza cara á uniformidade tecnolóxica. Está en xogo a nosa supervivencia, e non só como Pobo, senón como seres humanos: os mesmos que desde as súas orixes coma especie foron creando milleiros de linguas e culturas que perviven ou non, creadas pola pura necesidade de autosuperación e transcendencia do Espírito Humano.

4

Xa sei que só agrada quen é feliz.
A súa voz escóitase con gusto.
É fermoso o seu rostro.
A árbore deforme do patio denuncia a terra ruín,
pero a xente que pasa chámalle deforme con razón.

BERTOLD BRECHT

Mais tamén son tempos de solidariedade, inda que sexan xestos pouco radicais dos que non viviron tempos malditos cheos de sangue e ferozmente viscerais, e non poden evitar contaxiarse dun certo aire formal de deseño publicitario, comercial, aséptico e efémero.

Pero é satisfactorio ver que cada vez hai máis persoas ben nacidas que simpatizan e intentan axudar: EZLN, o drama dos Balcáns, a perversión colonial e asasina de Ruanda, o romanticismo oceánico de Greenpeace, a Natureza, a Fame xenocida creada polo sistema Financeiro Mundial, o dereito de Cuba a ser un soño vivo, ou por calquera ONG, por toda inxustiza, pola amnistía das vítimas do Club de Verdugos Internacional... Así podería tamén empezar de novo o Soño da vella utopía da Acracia universal antigubernamental en cada un de nós.

E por moito que ás veces botemos a faltar algunha alternativa máis, que apunta ó horizonte das estrelas, que ataque os alicerces do Sistema no seu punto central cunha guerra total, definitiva, xa chegará o momento se é posible de esixir xa a Utopía. Pero para non perder totalmente a fe na nosa capacidade de resposta temos que apoiar con xenerosidade calquera avance, e calquera idea crítica.

Quizais así non se consiga cambiar o Mundo, pero algo terá que mellorar, e alguén máis se animará a reflexionar, sempre que non axudemos inxenuamente a perpetuar simplemente as cousas facendo de bombeiros, de paragolpes do Poder, limitándonos a exercer de administradores de calquera inxustiza estrutural. Non ser xamais válvulas que regulen o vapor da xusta indignación dos explotados. Ou todo ou nada, ou todos ou ningún, ten que ser o obxectivo final.

Xa empeza un a estar farto de tanta intelixente discusión bizantina sobre a máis pura radicalidade, de tanta elucubración de tertulia intelectual, cínica e amoral, que só disfraz a certa

incapacidade para actuar. E toda esa ironía ben alimentada, chea de cafeína e estimulantes, está ben para rirnos de nós mesmos, e para parodiar as pervertidas formas do poder, pero non vai conseguir ela soia, in da que realmente desexasen cambiar algo, transformar as ideas ou as mentalidades.

A Crítica e a Dúbida son as pernas máis firmes para avanzar sobre elas, pero se as grandes palabras: Revolución, Liberdade, Cultura xa nos veñen un pouco grandes, ou sabemos que non as poderemos alcanzar, iso non significa que haxa que renunciar a pensar que as cousas deben ser transformadas, nin a intentalo unha e outra vez, e menos aínda a que outros con máis fe e entusiasmo ousen intentalo.

Sempre haberá novas vías para resistir, para opoñernos e non ser submisos, como a estratexia humilde e provocadora de Bartleby, o gris e lúcido escribente de Melville, quen para non someterse sen máis a ordes arbitrarias, dicía simplemente, sen ira, pero teimosamente: «Preferiría non facelo».

E a Liberdade non se pide, tómase, aseguraba un dos meus máis claros e evidentes das miñas orixes anarquistas, ás que me vou precipitando cada vez a maior velocidade. Pero non hai que esquecer nunca que esa actitude custa sangue, suor, bágoas, e grandes doses de infelicidade e decepción, e hai que estar disposto a soportalo.

5

Estou sentado á beira da estrada,
o conductor cambia a roda.
Non me gusta o lugar do que procedo.
Non me gusta o lugar ó que vou.
¿Por que observo o cambio de roda con impaciencia?

BERTOLD BRECHT

Tamén podería formar outro discurso, tan sincero coma este, ou talvez máis. Pero estou intentando equilibrar co voluntarismo do meu optimismo, o pesimismo ó que me leva a razón.

Sequera poderíamos aspirar a esa revolución do pensamento e da creación da humanidade, traizoada por todos desde sempre. A reflexión, as ideas, a creación ou as palabras. A Arte e a Cultura é sempre o que me salva da tentación da morte, e me anima a reiniciar, a reanudarme no coñecemento e na transformación da miña alma extraviada.

Eu coñezo moi ben a xeografía mental do cinismo imperante, porque o levo asentado en cada célula, alimentadas co máis triste e errado discurso dos meus anos, e podería acudir a el se fose necesario.

Pero non é o momento, nin o día, nin a hora. Xa foi demasiadas veces parodiado, utilizado por falsos profetas que aínda se serven del para seguir calando, ocultando a covardía propia e a podremia dos seus amigos, para non actuar e facernos cómplices a todos de todo o que eles permitiron ou perpetraron. Chegaron así ó máis alto, ós máis altos cumes da miseria mental, á acomodada posición do sindicato dos premiados, enriquecidos á medida da súa submisión subvencionada.

Non sinto o que perdín, pero tampouco estou satisfeito do gañado. O que non nos mata, fainos máis fortes sempre, e máis firmes os nosos principios. E xa non creo ter nada que perder demasiado importante, e nunca deixei que o meu sangue e os meus erros salpicasen os que máis me importaban.

A verdadeira Poesía nunca minte, por ferinte que sexa. Quen crea algo sen intencións perversas é inocente da súa posible perversión. Bernhard, Becket, Cioran, Genet, Celan, Valente, Schopenhauer, Pound, Carver, Poe, etc., tiñan razón, temos razón. E tiña razón Yeats, Dylan Thomas, Eliot, Joyce, Homero, Dante... temos razón tamén a un tempo, como todos os atormentados ou felices pintores da Beleza e das tebras que

cohabitan comigo o meu cerebro, discutindo sen pausa dentro da miña alma... E a verdade é que «na miña vida nunca vin máis que tolos e enfermos» (Bernhard); que «Morrer é ben doado. Vivir é o difícil». (Maiakowski) e tamén que «Vivir es fácil. Arduo sobrevivir a lo vivido». (Valente)...

6

E, así e todo, sabemos que tamén o odio
contra a baixeza desfigura a cara.
Tamén a ira contra a inxustiza
pon ronca a voz. Por desgracia, nós,
que queríamos preparar o camiño á amabilidade
non puidemos ser amables.

BERTOLD BRECHT

Pero é mellor sempre intentar ser amable. Mellor rirse dun mesmo e dos demais sen furia destrutiva, inda estando seguros das máis escuras e brutais certezaas sobre o fondo das cousas.

O obxectivo ha ser sempre un Universo que se expande. A dor, escuridade, o mal tamén existen por nós e contra nós, pero axudan a que a beleza e o pracer sexan aínda máis brillantes. Por iso non debemos evitar, para aforrarnos sufrimento, a parte máis escura en cada cousa, porque produce a lucidez e o horror de seu coñecimento.

Non é posible renunciar a esa guerra interna que lle vai disputar sempre o territorio á nosa supervivencia moral. E se nos resignamos a non saber que existe seremos enganados con máis facilidade cada vez. A verdade sempre é revolucionaria, dicía Lenin, sen estar moi seguro do que significaba. Aprender é

noso nivel de ética e de xenerosidade, sen o inxenuo optimismo escarmentado, e sen un pesimismo opaco e ben alimentado que nos deteña e nos permita unha indiferente neutralidade falsa. Xa non imos ser cómplices do que nos indigne ou nos avergoñe. Nada é inmutable. Todo se transforma. Quen teña tempo, enerxía, e desexe facer algo, que vaia propoñendo algo... (Por exemplo).

Amén.

Luzes de Galiza, nº 27, marzo de 1996

